# Administración básica e utilización de sistemas ERP

Índice

## Sumario


- 1 Administración básica de Odoo
    - 1.1 Módulos de localización e comunicacións
    - 1.2 Descarga e instalación de módulos
    - 1.3 Instalación mínima para unha PEME
- 2 Utilización básica de Odoo
    - 2.1 Xestión de almacén
    - 2.2 Xestión da compra-venda
    - 2.3 Xestión da contabilidade
    - 2.4 Xestión dos recursos humanos
    - 2.5 Xestión das relacións cos clientes


## Administración básica de Odoo

- Nun navegador iniciamos Odoo e accedemos coa conta de administrador.




Administrador

- Editamos a conta do administrador e no separador *Permisos de acceso* marcamos *Características técnicas*. Despois de gardar, actualizamos con F5 e veremos máis opcións no menú do lateral esquerdo.




Administrador

* Noutro navegador diferente, iniciamos sesión coa conta de empregado creada na páxina anterior. Comprobamos que inicialmente non ten elementos no menú.




Empregado

## Módulos de localización e comunicacións

* É posible instalar novas linguas para a interface, pero é importante manter o inglés que será usado para as palabras non traducidas (como é o caso do galego). Ademais pódense instalar módulos de localización. Podemos visualizar os relativos a España procurando *l10n_es*.




Administrador

A día de hoxe aínda non están accesibles todos os módulos de localización de Odoo 8.0 porque aínda están a migralos de OpenERP 7.0 e a probalos.




OpenERP 7.0

- O administrador instala o primeiro módulo de comunicacións: *Red Social*.




Administrador

- Agora o usuario vai ter un correo interno e outras utilidades para comunicarse co resto de empregados.




Empregado

- Instalación do módulo: *Libreta de direcciones*. Os empregados poden crear novos contactos: clientes, provedores, empregados, etc. No exemplo, un cliente da empresa.




Empregado

- Podemos instalar e experimentar outro módulo relacionado: *Notas*.



Empregado

## Descarga e instalación de módulos

Fonte: Ángel Moya

Descarga e instalación da rama de módulos de localización española:

- Instalación do sistema de control de versións *git*.
- Descarga da rama de módulos de localización española.
- Copia ao directorio *addons*.

```
sudo su
apt-get install git
git clone https://github.com/OCA/l10n-spain.git
cp -r l10n-spain/* /usr/lib/python2.7/dist-packages/openerp/addons/
```

- Clicamos en *Actualizar lista de módulos* e en *Módulos locales* procuramos novamente *l10n_es*.




Administrador

Cando tentamos instalar un módulo nos apartados *Módulos locales* o *Aplicaciones en línea* pode ser que nos dea un erro. Por exemplo, ao tentar

instalar *Topónimos españoles* responde dicindo que o módulo *base_location* non está dispoñible.




Administrador

Estas son as accións que se teñen que realizar para instalalos de forma manual:

- Descarga de módulos na páxina https://www.openerp.com/apps. No noso exemplo, temos que descargar base_location (para Odoo 8.0 serve *base_location* de 7.0).
- Enviamos os módulos á máquina de Ubuntu Server por FTP, MobaXterm, carpetas compartidas, etc. Outra alternativa é descargalos desde dentro da máquina virtual co comando *wget*.
- Copiamos o ficheiro ZIP no directorio /usr/lib/python2.7/dist-packages/openerp/addons/
- Descomprimimos: unzip *.zip
- Eliminamos os ZIP: rm *.zip
- Na web de adminstración de Odoo, clicamos en *Actualizar lista de módulos*.
- En *Módulos locales* eliminamos o filtro *Aplicaciones en línea* e procuramos os módulos *l10n_es*. Agora xa permite instalar *l10n_es_toponyms* que resolve as súas dependencias instalando automaticamente *base_location*.

Grazas a este módulo, pódese usar o CP para preencher automaticamente outros campos:




Administrador




Administrador

## Instalación mínima para unha PEME

No apartado *Módulos locales*, instalamos os módulos CRM, xestión de almacén, xestión de compras, xestión de vendas, contabilidade e finanzas e recursos humanos.

1. Cada vez que instalamos un módulo aparecen novas opcións no menú *Configuración*, submenú *Configuración*. Alí temos que configurar as cararcterísticas xerais dos módulos.
2. Tamén temos que editar a conta do empregado e activar os *checkbox* correspondentes para que poida utilizar o menú do módulo e as diferentes opcións do menú. Vemos exemplos de configuración e utilización do módulos CRM.

- Módulo CRM.




Administrador



Administrador



Empregado



Empregado

Recoméndase testar máis opcións interesantes no menú *Configuraciones*.

Desmarcamos os *checkbox Portal* e *Público*, porque máis adiante impediría acceder aos contactos e realizar compras, vendas, etc.

Temos que proceder do mesmo xeito coa instalación e configuración dos outros módulos:



Instalación mínima para unha PEME

- Módulo *Gestión de almacenes*.
- Módulo *Gestión de compras*.
- Módulo *Gestión de ventas*.
- Módulo *Contabilidad y finanzas*.
- Módulo *Directorio de empleados*: recursos humanos.
- Módulos *l10n_es*: localización española (algún xa foi instalado automaticamente).

## Utilización básica de Odoo

Fonte: Sistemas de Gestión Empresarial, César San Juan Pastor, Editorial Garceta.

### Xestión de almacén



Novo almacén



Novo produto

- Creación da estrutura do almacén.
- Utilización do almacén.
- Informes do almacén.
- Etc.

Se tivermos o módulo de contabilidade instalado, podemos acceder ao separador *Contabilidad* e indicar a que categoría pertence o produto.

Nese momento, o usuario pode crear unha categoría nova, ou tamén pode facelo previamente o administrador.




Nova categoría




Escoller categoría

## Xestión da compra-venda




Compra




Venda



Factura

- Creación de contactos: provedores e clientes.
- Creación de categorías, produtos e stock inicial.
- Ordes de compra.
- Ordes de venda.
- Etc.

Proceso de compra (menú *Purchases*):

- Solicitude de orzamento.
- Confirmar pedido.
- Recibir factura / Recibir produtos.
- Validar. (Tamén se pode facer no menú de contabilidade).
- Pagar. (Idem).

Proceso de venda:

- Crear pedido de venda (orzamento).
- Enviar por email / Imprimir.
- Confirmar venda.
- Crear factura.
- Ver factura, validar. (Tamén se pode facer no menú de contabilidade).
- Rexistrar pago. (Idem).

## Xestión da contabilidade




Validación e pago de facturas



Validación e pago de facturas

- Xestión de facturas.
- Xestión de asentos.
- Xeración de informes contables.
- Cerre contable.
- Etc.

## Xestión dos recursos humanos




Alta de empregados

- Xestión de empregados e contratos.
- Contratación de persoal.
- Xestión da asistencia.
- Nóminas.
- Informes.
- Etc.



Configuración




Selección de persoal

## Xestión das relacións cos clientes

- Publicación de novas.
- Selección de persoal.
- Comercio electrónico.
- Xestión de reclamacións.
- Xestión de soporte (helpdesk).
- Informes.
- Etc.

O administrador realiza a configuración en *Sitio Web*, *Personalizar*, *Instalar aplicacions*, por exemplo:

- Blogs (novas).
- Postos de traballo.
- Comercio electrónico.



Instalar aplicacións

De seguido, en *sitio web* o administrador accede a:

- *Tienda*: publica os produtos.
- *Noticias*: crea unha nova.
- *Trabajos*: publica as ofertas de traballo.




Publicar produtos



Ver ofertas de traballo

Desde outro navegador, sen facer login, podemos visualizar os produtos da tenda, as novas e as ofertas de traballo.

--Vence